

MATERIA

Literatura española: Ilustración e Romanticismo

unidade
didáctica
9

TITULACIÓN

Grao en Lingua e Literatura Españolas

As escritoras románticas: A Baronesa de Wilson

Belén Quinteiro Pulleiro

Área de Literatura Española

Departamento de Lingua e Literatura Españolas,

Teoría da Literatura e Lingüística Xeral

Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679710>

MATERIA: Literatura española: Ilustración e Romanticismo

TITULACIÓN: Grado en Lengua e Literatura Españolas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

1ª PARTE: O SÉCULO XVIII. A ILUSTRACIÓN

Unidade I. Introducción

Historia, Arte e Cultura no século XVIII

A literatura española no século XVIII: temas e problemas

Unidade II. A prosa

Lectura 1. Selección de textos de:

Feijoo: Teatro Crítico Universal e Cartas Eruditas y Curiosas

Cadalso: Cartas marruecas

Jovellanos: Memorias sobre [...] espectáculos y diversiones públicas

Unidade III. A poesía

Lectura 2. Selección de Poesía española do século XVIII (ed. Reyes Cano, Cátedra)

Unidade IV. O teatro

Lectura 3. Fernández de Moratín, El sí de las niñas (ed. Pérez Magallón, Crítica)

2ª PARTE: A PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XIX: O ROMANTICISMO

Unidade V. O romanticismo na cultura europea

A literatura romántica española

Temas e problemas

Unidade VI. A prosa

Lectura 4. Larra, selección de artigos (ed. Pérez Vidal, Crítica)

Gil y Carrasco, El señor de Bembibre (ed. Rubio Cremades, Cátedra)

Unidade VII. O teatro

Lectura 5. Duque de Rivas, Don Álvaro o la fuerza del sino (ed. Lama, Crítica)

Unidade VIII. A poesía

Lectura 6. Espronceda, selección de textos (ed. Ynduráin, Cátedra)

Unidade IX. As escritoras románticas

A muller escritora durante o romanticismo

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. A Baronesa de Wilson: respaldo arquivístico e documental
2. A formación e o papel da muller escritora no século XIX
3. A construción dunha figura pública
 - 3.1 Emilia Serrano como creadora de redes transnacionais
 - 3.2. Emilia Serrano e a prensa
 - 3.3. Emilia Serrano, escritora

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA




PRESENTACIÓN

A unidade didáctica «As escritoras románticas: A Baronesa de Wilson» pertence á materia e Literatura española: das Vangardas al século XXI. Ilustración e Romanticismo, correspondente ao segundo curso do Grado en Lingua e Literatura Españolas. Esta forma parte do módulo de Literatura Española Contemporánea e os seus Fundamentos, xunto coas asignaturas Literatura española: I, segundo o plan de estudos da titulación, esta disciplina ten carácter de formación básica. A súa carga lectiva é de 6 créditos ECTS e impártese no segundo semestre.

A materia Ilustración e Romanticismo pretende que os estudantes coñezan os fundamentos teóricos da historia da literatura en lingua española contemporánea; obteñan estratexias e pautas para localizar e empregar recursos bibliográficos e fontes documentais específicas; coñezan o correcto uso da terminoloxía crítica no estudo e comentario dos textos literarios e as técnicas e destrezas esenciais para a comprensión e análise dos textos da literatura española contemporánea, é dicir, dende o século XVIII até a actualidade, nos seus específicos marcos xenéricos e nos contextos socioculturais, filosóficos, estéticos, teóricos e artísticos de cada período estudado.

A programación docente da materia Literatura Española: Ilustración e Romanticismo está formada por nove unidades didácticas, como se indica na figura 1. Aquí preséntase a novena unidade didáctica, na que se estuda o papel da muller escritora ó longo do romanticismo, a través do caso concreto da Baronesa de Wilson. Achéganse, así mesmo, as dificultades arquivísticas e documentais que hai á hora de indagar nesta temática, o papel das escritoras no século XIX, a construción unha figura pública a partir da prensa e a publicación de libros e o culmen dun proxecto vital por parte de Emilia Serrano, coñecida como Baronesa de Wilson. Os contidos desta unidade didáctica impartiríanse en 2 horas, as cales corresponden ás sesións interactivas.

Figura 1: Programación docente da materia Literatura Española: Ilustración e Romanticismo.



Fonte: elaboración propia

En relación ao resto de unidades didácticas desta materia, a primeira delas realiza unha aproximación á Historia, Arte e Cultura do século XVIII e máis concretamente ós temas e problemas que nacen no eido literario en España. A segunda unidade atende a prosa producida no que coñecemos como o período da Ilustración e trabállanse con textos concretos como é o caso do *Teatro Crítico Universal* e *Cartas Eruditas y Curiosas* de Feijoo; *Cartas marruecas* de Cadalso e *Memorias sobre [...] espectáculos y diversiones públicas de Jovellanos*. Na unidade tres, traballárase cunha sección de Poesía Española do século XVIII editada por Reyes Cano en Cátedra. Na unidade catro será o teatro o protagonista, sendo a lectura obrigatoria *El sí de las niñas* de Fernández de Moratín, coa recomendación da edición de Pérez Magallón, de Crítica. Na unidade quinta comeza a análise do período romántico, incidindo na literatura

romántica española e os temas e problemas que o compoñen. A unidade sexta trata a prosa do romanticismo sendo Larra, cunha sección de artigos, e Gil y Carrasco, con *El señor de Bembibre*, as lecturas obrigatorias. A seguinte unidade, a sétima, atende ó teatro e céntrase na lectura de *Don Álvaro o la fuerza del sino* de Duque de Rivas coa edición recomendada de Lama en Crítica. A penúltima unidade, a poesía, atenderá a Espronceda, tamén cunha selección de textos, aínda que sendo aconsellable manexar a edición de Cátedra de Ynduráin. Por último a derradeira unidade é da que se ocupa esta unidade didáctica, atendendo ás escritoras románticas e máis concretamente ó caso de Emilia Serrano tamén coñecida como Baronesa de Wilson.

Esta unidade dirixese ó alumnado de segundo curso do Grado en Lengua e Literatura Españolas. Asemade, pode resultar de utilidade para o profesorado que imparte docencia tanto neste curso, como en posteriores, xa que aporta contidos precisos e innovadores sobre a temática. Ademais de ser importante incidir naquelas unidades didácticas que teñan en conta ás mulleres escritoras do romanticismo, temática á que non se lle prestou, até recentemente, a necesaria atención e valoración.

COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

A materia Literatura Española: Ilustración e Romanticismo, impartida no segundo curso do Grao en Lengua e Literatura Españolas, constitúe a primeira aproximación ó estudo da produción literaria do século XVIII e da primeira metade do século XIX, da Ilustración e o Romanticismo, enmarcada no seu correspondente proceso histórico (social, político, ideolóxico, cultural, estético), a través da lectura, explicación e análise das obras e textos máis representativos dos autores fundamentais, indicados no programa.

Así, as competencias da titulación ás que contribúe a unidade didáctica son as seguintes:

- Competencia Xeral 3: Capacidade de reflexión e de pensamento crítico para describir, interpretar e valorar os feitos lingüísticos e literarios.
- Competencia Xeral 4: Capacidade para aplicar o razonamento indutivo e deductivo, ó combinar a análise dos datos coa argumentación teórica.
- Competencia Xeral 5: Capacidade de abstracción, síntese e análise, ó extraer xeneralizacións a partir da descrición dos datos.
- Competencia Xeral 6: Capacidade para transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións relativas á lingua e á literatura españolas a un público especializado e non especializado.
- Competencia Xeral 7: Dominio da expresión oral e escrita, en español e noutras linguas, en distintos contextos.
- Competencia Xeral 10: Aprendizaxe autónoma de novos coñecementos e técnicas de análise.

Pola súa banda, as competencias básicas da unidade didáctica son as seguintes:

- Competencia Básica 2: Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación de unha forma profesional e teñan as

competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.

- Competencia Básica 3: Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- Competencia Básica 4: Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
- Competencia Básica 5: Que os estudantes teñan desenvolto aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

En canto ás competencias específicas, a unidade didáctica conta con:

- A Competencia Específica 4: Identificar e comprender aqueles elementos (obxecto de estudo, metodoloxía, linguaxe e terminoloxía crítica especializada, etc.) que definen e articulan os estudos lingüísticos e literarios como disciplinas científicas no ámbito das Humanidades.
- A Competencia Específica 5: Recoñecer o carácter interdisciplinar dos estudos lingüístico-literarios.
- A Competencia Específica 7: Dominar os diversos enfoques e métodos que permiten a comprensión crítica da obra literaria.
- A Competencia Específica 10: Comprender a complexidade dos feitos lingüísticos e das obras literarias, aprender a apreciar os seus valores estéticos e extraer o caudal informativo que encerra o texto literario.
- A Competencia Específica 13: Coñecer a teoría e o pensamento estético no seu discurrir histórico en tanto condicionante de xéneros, estilos, morfoloxía e técnicas do discurso literario.
- A Competencia Específica 15: Coñecer as características das diversas manifestacións da creación literaria, introducindoas no contexto sociocultural no que se xestan e conectándoas con outras formas de expresión artística.
- A Competencia Específica 17: Empregar ferramentas de busca de recursos bibliográficos para o estudo da lingua española e manexar as fontes documentais e bibliográficas propias da literatura.
- A Competencia Específica 18: Desenvolver a competencia comunicativa.

Así, a novena unidade didáctica estuda o rol da muller escritora no Romanticismo e céntrase na figura chave, aínda que descoñecida, de Emilia Serrano, tamén coñecida como Baronesa de Wilson. Aténdese ó respaldo arquivístico e documental que é preciso para recuperar este tipo de figuras silenciadas pola historiografía clásica; préstase especial atención ó papel da muller escritora no século XIX e indágase na construción dunha figura pública por parte de Emilia Serrano: atendendo á creación de redes transnacionais, á súa participación coa prensa (tanto na súa creación como colaboración) e ó seu rol como escritora. Conclúese así coa recapitulación e a fin do seu proxecto vital. Coa finalización da unidade o alumnado deberá ser capaz de cum-

prir o obxectivo da materia de entender unha parte da produción literaria do século XVIII e da primeira metade do século XIX, da Ilustración e o Romanticismo, enmarcada no seu correspondente proceso histórico (social, político, ideolóxico, cultural, estético) a través da lectura, explicación e análise das obras e textos máis representativos dos autores fundamentais, indicados no PROGRAMA. Ademais de:

- Coñecer o rol da muller escritora durante o período do Romanticismo.
- Ser capaz de analizar casos concretos, como é o de Emilia Serrano, tamén coñecida como Baronesa Wilson.
- Entender o proceso arquivístico e documental que hai detrás dun caso de estudo coma o proposto.
- Adentrarse nas tomas de posición literaria: tanto na prensa, como nas publicacións, como nos intercambios transnacionais, da autora proposta.

Os obxectivos desta unidade didáctica contribúen a que o alumnado acade as competencias xerais 3, 4, 5, 6, 7 e 10; as competencias básicas 2, 3, 4 e 5 e as competencias específicas 4, 5, 7, 10, 13, 15, 17 e 18.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Seguindo o modelo do Espazo Europeo de Educación Superior, para o ensino da materia combinaranse as clases expositivas coas interactivas, sendo complementadas coas titorías e a formación de grupos de traballos tutelados.

As clases expositivas constitúen necesariamente o eixe central para o desenvolvemento do programa docente. Ao longo destas sesións, intercalaranse cos contidos teóricos situacións reais, apoiándose en gráficos, imaxes, estatísticas ou outro tipo de material. En todo caso, as explicacións do profesorado débense acompañar coa participación activa do alumnado, mediante lecturas e sesións de debate. Así, o marco contextual das clases expositivas servirá para que o alumno teña os coñecementos necesarios para afrontarse ó material de interactivas, sendo capaz de analizar os textos propostos e ofrecer unha visión crítica.

As sesións interactivas servirán entón para analizar en maior profundidade os contidos presentados previamente ou para seleccionar un estudo de caso concreto que, aínda que non explicado en expositivas, forme parte do marco teórico que se presente. Nestas sesións o alumnado poderá reflexionar a través de casos prácticos, debates e lectura e comentarios críticos de textos seleccionados polo docente.

En conclusión, o conxunto de actividades propostas presenta as seguintes finalidades:

- Promover a capacidade de lecturas críticas por parte do alumnado.
- Potenciar o uso de novos materiais, páxinas web e fontes arquivísticas.
- Aprender a relacionar os contidos máis teóricos das clases expositivas coas lecturas críticas das sesións interactivas.

Ademais, o alumnado contará co apoio e orientación do docente, tanto para a realización das distintas actividades propostas ao longo do curso, como para calquera

outra consulta relacionada coa materia: como a recomendación de bibliografía optativa. Neste sentido, as titorías son un sistema pedagóxico complementario as clases que permiten resolver as debidas dos alumnos.

Por último, o Campus Virtual é tamén unha ferramenta importante no desenvolvemento das sesións. A través desta plataforma os alumnos terán acceso aos textos cos que se traballarán na aula, ademáis de a material complementario. Asemade, o foro terá un papel importante á hora de consultar dúbidas, engadir comentarios e debates sobre os temas vinculados á materia.

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. A Baronesa de Wilson: respaldo arquivístico e documental

Por que recuperar hoxe a figura da baronesa de Wilson? A Baronesa, tecedora de redes comerciais, periodísticas, políticas e de mulleres a este a ó outro lado do Atlántico, xa tiña xerado gran interese nos seus contemporáneos, que publicaron dúas biografías súas en vida. Tamén, artigos académicos recentes: como os de Watson (1992); Martín (1999); Charques (2008); Ferrús (2011); Mena (2015, 2021) ou Velasco (2017, 2022), quixeron reflectir as moitas identidades da Baronesa, cuxo nome real era Emilia Serrano.

A historia da aventureira que, por *quête de connaissance*, recorreu en seis ocasións o camiño de ida e volta até América, onde manexou habilmente certa vinculación coa masonería. Unha historia complexa, camaleónica, que se reconstruíu amparada polo relato que a propia Baronesa de Wilson tiña creado sobre a súa vida e a súa traxectoria, e non de documentos e feitos reais.

Ante este complexo personaxe, Pura Fernández, ó igual que outras investigadoras, decidiron por fin enfrontarse ó reto de reescribir a verdadeira historia de Emilia Serrano, e non a que ela inventou, cun forte respaldo arquivístico e documental.

Dende 1860 até a data da súa morte, a Baronesa contou polo menos con seis versións da súa biografía amplamente difundidas e coincidentes, a parte das decenas de artigos periodísticos e de fichas varias diseminadas nos múltiples países nos que discurriu a súa vida: a cargo de Joaquín María Tejada (1860); Pilar de Sinués (1860, 1862); Ramón Elices Montes (1883); Eva Canel (1887, 1907); Ricardo Monner Jans (1888) e Narciso Alonso Cortés (1926, 1943), por citar só as máis destacadas.

Pero non é até a biografía de Pura Fernández, titulada *365 relojes: Vida de la baronesa Wilson* (2022), que podemos coñecer a verdadeira historia de Emilia Serrano, e non a que ela inventou. Fernández realiza unha descomunal tarefa arquivística que vai dende o Arquivo de Porfirio Díaz até o Arquivo Diocesano de Salamanca, o da Real Academia Galega, o Arquivo Xeral da Administración, o Arquivo Municipal de Valladolid, o Arquivo de Víctor Balaguer e o Arquivo da Casa de América de Barcelona, entre outros. Ó igual que a biografía é rica en artigos xornalísticos da época, que amosan a Baronesa recorrentemente como empresaria, axente literaria e escritora nas páxinas de *El almanaque de la ilustración*, *El Semanario del Pacífico*, *El*

último *Figurín*, *La prensa de Nueva York*, el *Supplément Littéraire au Chroniqueur de Fribourg*, en *Una página en América* ou en *El Diario de México*.

Así, recupérase a historia dunha muller que escapou ó reduccionismo das fronteiras nacionais, que reformulou o papel da muller no século XIX e que superou a mirada eurocéntrica imperante na época. Unha historia relevante para os estudos literarios, a historiografía literaria, a investigación sobre mulleres e a historia do americanismo e do hispanismo.

Ademais de que este caso en concreto supón o reto de reconstruír unha historia en contra da autobiografía dunha muller que en múltiples ocasións inventou e falseou a súa propia historia. Un camiño no que haberá que diseccionar, ponderar, completar, desmontar, contradicir e matizar as palabras e datos dunha impostora triunfante, que non deixou de mentir para romper as barreiras que implicaba ser muller no século XIX.

2. A formación e o papel da muller escritora no século XIX

A maioría das escritoras do século XIX deixaron testemuños da importancia das bibliotecas e dos núcleos familiares favorables á súa educación; aínda que tamén insistiron na relevancia da autoformación, autodidactas capaces de adaptarse ás condicións de acceso ás fontes do coñecemento do que dispoñían, sexa en forma de libros, sexa a través de conversacións ou cartas con que alimentar a necesidade de saber e de compartir, como demostran e epistolarios como o de Carolina Coronado, Concepción Arenal, Faustina Sáez de Melgar ou Pardo Bazán.

Non hai dúbida de que Emilia Serrano fixo gala dunha notable educación, sobre todo se temos en conta a deficiente formación das mulleres na época. Dos datos censais de España de 1860, un 31 % dos varóns declaraba saber ler e escribir, fronte a un 9 % das mulleres, datos que, á súa vez, habería que matizar á luz do previsible analfabetismo funcional de boa parte dos alfabetizados precariamente. Nas condicións de profunda desigualdade no acceso á lectura e á educación que tiñan as mulleres no século XIX, era fundamental o papel desempeñado por algúns familiares, pero sobre todo a proximidade dunha boa biblioteca.

Unha das principais preguntas que planea na reconstrución biográfica da Baronesa reside en explicar como se constrúe unha personalidade coma a súa e, facendo extensiva a pregunta, interesa coñecer como explica esta floración de mulleres da chamada xeración isabelina, e ás que a seguiron, movidas por unha férrea vontade por asentarse o seu nome na República das Letras, incluso aínda que isto supuxese o descrédito moral, como foi o caso de Emilia Pardo Bazán, de Rosario Acuña, librepensadora e aristócrata, ou de Julia Codorniú, incansable defensora da súa vocación literaria, pola que loitou a pesar dos malos tratos conxugais, da difamación e da oposición encarnizada dos seus fillos. Nestes casos, tanto a fortuna parterna coma a integración nunha familia de tradición letrada, con inquietudes culturais, foros definitivos no camiño de formación das xoves aspirantes.

Así, a formación autodidacta de Emilia Serrano foi frecuente nas autoras da época. Tamén é o caso de Faustina Sáez de Melgar, filla de agricultores ricos dun

pobo da Mancha, pero afastada de toda sorte de información intelectual, representado un modelo paradigmático. Con constancia e empeño, a partir dos libros dos irmáns que estudaban en Madrid e da lectura da prensa, foi forxando o seu capital cultural e chegou a ser unha brillante empresaria en Madrid e en París, entre as décadas de 1860 e 1880. Embarcouse tamén nos proxectos dedicados á formación e profesionalización das mulleres, como os levados a cabo por Esmeralda Cervantes e deixou poso nas mulleres da chamada xeración isabelina, caracterizadas por querer deixar un nome feminino na República das letras.

Pero se xa era difícil a formación para as mulleres do século XVIII, facerse un oco dentro do universo literario era inda máis complexo. Exemplo claro é a polémica, que viviu Emilia Serrano, sobre as aspiracións de Emilia Pardo Bazán para optar a un sillón da RAE, fundada por iniciativa do oitavo marqués de Villena en 1713. Dende o seu domicilio en Barcelona, e xa en vísperas da súa terceira viaxe americana, a Baronesa implicouse na campaña de defensa da galega. Pero, en carta de 28 de xullo de 1891, Juan Valera aseguraba a Marcelino Menéndez Pelayo que «lo peor no era acoger a Pardo Bazán en la RAE, sino la turba de candidatas que nos saldrían luego; ese miedo venía envuelto en una ristra de nombres en las que también asomaba el de la Baronesa: tendríamos a Carolina Coronado, a la baronesa de Wilson, a D. Pilar Sinués y a Robustiana Armiño. Por poco que abriésemos la mano, la Academia se convertiría en aquelarre» (2022, 416).

3. A construción dunha figura pública

Emilia Serrano, a autora de centenaes de artigos, contos, lendas, poemas, dramas, traducións, novelas, biografías e libros de viaxes foi, ó mesmo tempo, a gran impostora das letras decimonónicas; a impostora que logrou conquistar o recoñecemento en España e os países americanos cun andar incansable por Francia ou os países americanos e un férreo control da súa imaxe pública a través da creación de redes transnacionais, da súa creación e colaboración na prensa e publicación de innumerables volumes.

3.1 Emilia Serrano como creadora de redes transnacionais

No caso das autoras, dispoñer dunha plataforma como a dunha revista era estratéxico para acceder á esfera pública e ser un elemento de transacción no ámbito dos bens culturais, e así o demostra a desafiante cantidade de revistas fundadas e dirixidas por mulleres, a pesar das restricións legais. Formar parte do cadro de persoal de redactores, ou incluso liderar o suplemento «Parte Literaria» de *El Eco*, como conseguiu Emilia Serrano entre 1856 e 1857, facilitou a súa inserción nun ambiente periodístico marcado por numerosos colaboradores moi activos ideoloxicamente e cos que a redactora trabou relacións que marcaron unha constelación de publicacións transnacionais.

Tamén a Baronesa foi a primeira axente literaria en español e soubo mediar coa prensa, que operaba como o gran esqueleto da comunicación transnacional, para

promocionar a autores que formaban parte do sólido Parnaso das lecturas populares: como é o caso de Alexandre Dumas. Así, Emilia Serrano é a Axente Literaria de Dumas, tendo a autorización para negociar os seus dereitos de tradución ó español. Ademais de que esta traduciu entre 1858 e 1874 varias obras de Dumas pai e fillo, como *El hijo natural. Comedia en cuatro actos y un prólogo*; *Los compañeros de Jehú*, aparecida no *El Correo de Ultramar* (1859); *Creación y redención. (Sucesos de la República Francesa)*. *Novela histórica* (1870) e *Maese Luis o los compañeros negros*, publicada en 1874 no folletín da *La Correspondencia de España* e, posteriormente, nun volume independente.

Ademais, como *addendum* dos esforzos titánicos por tender pontes, a Baronesa, a través das publicacións como o seu *El mundo literario americano*, conformou o mapa das letras americanas como resultado dunha época vivida a pé de continente. Este volume pretendía illar personalidades representativas dun océano cultural inaccesible. Esta agrupou por países breves biografías de homes e mulleres de letras nunha das primeiras antoloxías do continente. A Baronesa ofrecía un mapa propio resultado das súas experiencias no continente, unha selección marcada polo coñecemento directo da maior parte dos seus protagonistas e, fundamentalmente, pola inclusión de máis de dúas decenas de nomes femininos.

3.2. Emilia Serrano e a prensa

No ano 1857 Emilia Serrano xa estaba fundando unha revista de relativo éxito titulada *La Caprichosa*, coa que creou unha rede de negocios vinculados ó mundo da prensa, ó sector editorial e ó comercio dos bens de luxo. A Baronesa xa tiña certo coñecemento do mundo da prensa, pois colaborara co periódico *Eco Hispánico-Americano* e chegou a xestionar o seu suplemento cultural titulado *Parte Literaria*.

Así, dentro da revista *La Caprichosa. Periódico del Buen Tono. Revista mensual de Modas, Literatura, Música, Teatros y Artes* o nome de Emilia Serrano de Wilson aparecía dende o primeiro número como directora única responsable da publicación, que se distribuía en Francia, América, Inglaterra e España, como se indicaba ostentadamente no seu interior. A revista era unha rede de acollida que convocaba a un círculo da comunidade hispanoamericana parisina e as súas conexións madrileñas. En 1857 a Baronesa simultaneou a dirección da nova revista e a do suplemento *El Eco Hispano-Americano. Parte Literaria*, establecendo un diálogo e, sobre todo, unha pasarela de sinaturas entre ambas. A *Caprichosa* apelaba a un público feminino e voluble, curioso ante as novidades e diversificado nos seus intereses, fiel reflexo da poderosa rede de revistas adicadas á muller que aflorou no século XIX a ambos os lados do Atlántico. Era unha revista cuxa linguaxe internacional da moda relacionaba as lectoras urbanas con aspiracións de cambio e ofrecía un espazo de negociación dos valores tradicionais e nacionais.

O seu próximo proxecto sería xa no verán de 1871, no que a Baronesa deu á luz a unha nova revista cuxa aparición se anunciou na prensa de toda España con un título que adiantaba un programa multifacético e misceláneo: *El Último Figurín. Semanario de Modas, Consejos de Educación, Modelos de Labores, Novelas, Historia, Literatura,*

Música, Artes, Ciencias, Inventos útiles y Revistas de España y del Extranjero. Retórica que seguiría o semanario que titularía *Las hijas del Sol*, e que tería como emblema o renacer a partir do esforzo do traballo e da perfectibilidade feminina.

3.3. Emilia Serrano, escritora

A Baronesa, *flâneur* incansable, transformou as varias viaxes por países europeos nunha das guías turísticas publicadas pola editorial Bouret de París. Este labor compaxinouo coa súa colaboración na revista madrileña *El mundo pintoresco*, na que foi a responsable da sección «revista extranjera». Tamén comenzo a escribir a novela *Magdalena*, en datas da guerra contra Marrocos, que se publicaría en 1884, cando esta se instala en México. Así, a Baronesa, que xa triunfaba como prescritora e coñecía moi ben os fluxos editoriais, colaboraba con libros adicados á formación social de nenas e mulleres co selo Bouret, como serían *El almacén de las señoritas* ou *Las perlas del corazón*, modelos de *long sellers*, que se formularon coma un vademécum feminino atemporal e decenas de miles de exemplares alagaron o mercado en español a ambos lados do Atlántico até ben entrado o século XX.

Nestes anos colaborou ocasionalmente en revistas, como *El correo de la Moda* e *El Bello Ideal*, e continuou realizando viaxes e estadias, especialmente en Valladolid, París e Londres; e publicou tamén nestes anos *El ramillete de pensamientos*, poemario que adicaría a Isabel II; ademais de colaborar coa prensa galega como con *El Miño* ou co republicano *Amigo de Galicia* ó lanzar unha nova revista. Nestes anos a Baronesa explorou Galicia, sobre todo A Coruña, e segundo o intercambio epistolar que mantivo con Murguía estaba preparando un libro sobre a Suíza española, aínda que finalmente este non saíría á luz e a Baronesa acabaría centrándose na colaboración coa prensa: como con *El amigo de Galicia* ou *El Eco Ferrolano*, o que denotaba a raigame da escritora en A Coruña nun tempo récord.

Entre o 1875 e o 1886 esta comeza outra etapa marcada por publicacións tan eclécticas como un breve volume adicado a Pío IX que se inscribía na colección de biografías «Eminencias del siglo XIX» e se titulaba *Pío IX. Perfil biográfico*; ademais da continuidade das súas viaxes, cada vez máis frecuentes ó outro lado do Atlántico. A Baronesa converteuse nestes anos nunha americanista a pé de terra; onde investigaba sobre o terreo e se nutría de fontes locais, combinaba etnografía e folclore e integrábase na sociedade, nas familias e nos resortes de quen posuía o poder. De todo iso daba fe a súa colección epistolar, os seus cadernos de viaxe e os seus riquísimos arquivos fotográficos e o seu museo ambulante, ademais de todos os testemuños da prensa. Convértese nestes anos na esposa de García Tornel e edita os seus libros sobre América e os seus habitantes, consagrándose como un nexo cultural e diplomático entre as repúblicas hispanas e a antiga e a nova metrópole. Tamén, nestes anos, continuou con regulares entregas de obras literarias, na súa maioría procedentes de materiais antigos, como serían *Magdalena. Episodios de la vida real* (1884), sobre a honra feminina ante a opinión pública.

Ó final dos seus días a Baronesa volve a España e insírese na vida cultural barcelonesa, sobre todo no círculo do matrimonio Perillán-Canel, instalados en Bar-

celona e vinculados ó grupo de investimentos e xestores da Exposición. Asemade, serán estes os anos en que a Baronesa ve aparecer unha nova biografía e se publican por fin dous dos tomos dos seus *Americanos célebres*; os cadernos semanais dunha obra histórico-literaria sobre Cuauhtemoc; ou *América y sus mujeres*, que comezou a difundirse cando se avivara a polémica sobre as aspiracións de Emilia Pardo Bazán para optar a unha cadeira da RAE.

Serían tamén os anos de publicación de *Barcelona a México y Maravillas americanas* (1910), o igual que os anos de contacto con Nova Iork, nos que a Baronesa asistiría ó «World's Congress of Representative Women de Chicago» e en onde algúns medios de prensa como «Harper's Weekly» extraeron fragmentos de *América y sus mujeres* e, coa mediación da súa amiga Mary Springer, algúns dos seus relatos baseados en lendas e tradicións populares americanas seguiron difundíndose no país.

Nestes anos, a Baronesa avanzaba na recreación dun mapa literario do continente de fala hispana e, asociada co editor Manuel Caucci, redactaba textos para o seu futuro libro. Foron estes os seus últimos alentos antes de que Emilia Serrano García falecese nunha modesta pensión barcelonesa da rúa do príncipe de Asturias, nº5, sen familiares próximos. *Warderlust*, esbozou o adeus dunha vida construída a galope coa única consigna da busca incansable.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Adicaranse dúas sesións interactivas para esta unidade didáctica. Nestas sesións interactivas exporase o caso da baronesa Wilson, que os alumnos localizarán dentro do período histórico e literario analizado en expositivas, para entender que ten de particular o caso da Baronesa no campo literario. Así, logo de presentar a baronesa Wilson: axente literaria de Alexandro Dumas, protexida de Porfirio Díaz, empresaria cultural... e ofrecer ós alumnos unha visión panorámica da súa vida e obra os alumnos enfrontaranse ante tres tarefas concretas:

- A primeira consiste no visionado da presentación do libro *365 relojes: Vida de la Baronesa de Wilson (1833-1923)* no Instituto Cervantes no seguinte link: https://www.youtube.com/watch?v=tVdlq_3lyoY&t=1230s
- A segunda consiste en consultar *365 relojes: Vida de la Baronesa de Wilson (1833-1923)* (2022) de Pura Fernández e entender as dificultades que hai detrás da elaboración dunha biografía dunha figura da época e, máis concretamente no caso de Emilia Serrano. Ademais de entender o proceso de consulta de arquivos que houbo detrás da biografía.
- A terceira será unha selección de textos relacionados coa Baronesa: fragmentos de textos propios ou artigos periodísticos relacionados coa Baronesa, e a súa análise crítica por parte do alumnado.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A materia está constituída por clases teóricas e interactivas e a súa cualificación farase por un sistema de avaliación continua, que suporá un 60 % da cualificación global. A tal fin, terase en conta a asistencia participativa nas sesións da clase, a realización de tarefas puntuais, así como os controis de lecturas obrigatorias, e, asimismo, traballos escritos realizados fora da aula e programados con antelación.

A nota da avaliación continuada (60 % da cualificación global) mantense na segunda oportunidade.

O 40 % da nota final da asignatura reservarase para unha proba final escrita, centrada na parte teórica do programa, que terá lugar o día e hora establecido oficialmente polo centro, tanto na primeira como na segunda oportunidade.

Así, a cualificación final da materia será o resultado da media obtida en ambas partes (60 % e 40 %), tanto na primeira como na segunda oportunidade. A asistencia a clase é obrigatoria, e un número de ausencias sen xustificar, que supere o 25 % das horas de docencia, implicará o suspenso final.

No caso de existir algún impedimento para asistir ás clases (enfermidade, traballo incompatible co horario lectivo, etc.) o alumno deberá presentar unha «Exención» de docencia para que así conste ós efectos oportunos. Neste caso será avaliado nun examen final que de conta da parte práctica e teórica da materia (100% da cualificación).

Tamén, para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na «Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións».

Dentro deste marco global, a unidade didáctica contará, por un lado, coa asistencia obligatoria, de non ter «Exención», e avaliarase dentro do 60% da nota adicada á avaliación continua. Esta unidade didáctica non conta cunha lectura obrigatoria, nin cun control de lectura, pero si se terá en conta a participación activa e crítica do alumnado nas sesións e valorarase positivamente que saiban ligar os contidos destas sesións con outras unidades da materia que si se evalíen mediante controis ou si teñan unha lectura obrigatoria.

BIBLIOGRAFÍA

BARTRA, Agustín (1987): Agustí Bartra: en busca de la dimensión trágica, En *Estudios*, 11.

CHARQUES GÁMEZ, Rocío (2008): La Baronesa de Wilson. Colaboraciones en la «Ilustración Artística» de Barcelona. En *Anales de Literatura Española*, 20, 105-118.

FERNÁNDEZ, Pura (2018): Imposturas y silencios. El epistolario de la Baronesa de Wilson a Narciso Alonso Cortés o los enigmas biográficos de una mujer de letras en el siglo XIX. En J. Neira y M. Martos (dirs.) *Identidad autorial femenina y comunicación epistolar*, 361-380, UNED.

— (2022): *365 relojes. Vida de la Baronesa Wilson (c. 1833-1923)*, Madrid: Taurus.

- FERRÚS ANTÓN, Beatriz (2011): Emilia Serrano, Baronesa de Wilson, y la literatura de viajes: «Maravillas americanas» y «América y sus mujeres». En *Cuadernos de Ilustración y Romanticismo: Revista del Grupo de Estudios del siglo XVIII*, 17, 199-216.
- FIGES, Orlando (2020): *Los Europeos*, Madrid: Taurus.
- MENÉNDEZ PELAYO, Marcelino (1982-1991): *Epistolario*, M. Revuelta Sañudo (ed.), Fundación Universitaria Española.
- MARTIN, Leona (1999): The many voices of Emilia Serrano, Baronesa de Wilson, Spain's forgotten «Cantora de las Américas», en *Hispania*, 82:1, 29-39.
- MENA, María Isabel (2015): *La baronesa de Wilson y las metáforas sobre América y sus mujeres, 1874-1890*, Universidad Andina Simón Bolívar.
- (2021): La baronesa de Wilson: la doble marginalidad de una viajera decimonónica española, En *Cuadernos de Ilustración y Romanticismo*, 2, 693-704.
- VELASCO MOLPECERES, Ana María (2017): Las madres de la historiografía americana en España: Fanny Calderón de la Barca, Faustina Sáez de Melgar, la Baronesa de Wilson y Eva Canel, En *Hekademos: revista educativa digital*, 22, 28-35.
- (2022): Ser una mujer burguesa: ideal femenino, educación y profesionalización en la obra inicial de Emilia Serrano, Baronesa de Wilson, En *Aportes*, 108, 41-74.
- WATSON, Maida (1992): Women Writers in Late 19th Century Perú: The Semanario del Pacífico and the Baronesa de Wilson, En *Confluencia: Revista hispánica de cultura y literatura*, 7:2, 21-39.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

